

BOLETÍN
UVIGO/HUMANA

20

O BOLETÍN UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Cooperación.

+ Info direc.equidade@uvigo.gal

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. **+Info**

AXENDA

DECEMBRO

Mes do voluntariado

L	M	MÉ	X	V	S	D
						1 Día Mundial da SIDA
2 Día Internacional para a Abolición da Escravitude	3 Día Internacional das Persoas con Discapacidade	4	5 Día Internacional do Voluntariado	6	7	8
9 Día Internacional contra a Corrupción	10 Día dos Dereitos Humanos	11 Día Internacional das Montañas	12 Día Internacional da Cobertura Sanitaria Universal	13	14	15
16	17	18 Día Internacional do Migrante	19	20 Día Internacional da Solidariedade Humana	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

CHAVES DESTE NÚMERO

Importancia do Voluntariado, fai o cambio

O voluntariado é unha forma de participación social na que as persoas ofrecen o seu tempo, a súa experiencia, coñecemento, competencias e o seu traballo para o desenvolvemento dunha , labor solidaria. O voluntariado debe de cumprir os seguintes requisitos: ter carácter solidario, ser desenvolvido por persoas físicas, realizado de xeito libre e asumido voluntariamente sen ter causa nunha obriga persoal ou deber xurídico, e ser desenvolvido sen contraprestación económica ou material.

Segundo as inquiredanzas da comunidade universitaria, contamos nos tres campus da Universidade de Vigo cun programa de voluntariado que lles permite aos seus membros (estudiantado, PTXAS e PDI) destinar parte do seu tempo á acción solidaria.

Esta acción, pódese canalizar a través dunha variedade de ámbitos de actuación para dar resposta ás necesidades, problemas e intereses sociais que presentan determinados colectivos da nosa contorna máis próxima. [+Info](#)



Como ser voluntario/a

Se queres participar no voluntariado universitario tes que ser membro da comunidade e, en virtude da túa decisión persoal, libre e altruísta, participar en calquera proxecto mediante unha entidade de acción voluntaria.

Como alumnado tes dereito ao recoñecemento de créditos ECTS por compartir horas do teu tempo. Podes validar 30 horas de voluntariado por 1 crédito ECTS.

Como axudar en Valencia?

Ante situacións de emerxencia coma os que afectaron a Valencia a cidadanía responde con enorme solidariedade. Un compromiso altruísta que axuda no práctico, que reconforta e arroupa ás persoas que máis o precisan e que sempre é ben recibido, pero que cómpre organizar e canalizar de forma precisa para que chegue de maneira correcta onde ten que chegar. [+Info](#)



A Escola de Enxeñería Industrial quere mostrar toda a súa solidariedade e apoio ás vítimas da DANA, que afectou especialmente á Comunidade Valenciana, e enviar todo o seu agarimo aos afectados e familiares. Como mostra desta solidariedade, a Delegación de Alumnado da Escola habilitou dous puntos de recollida de produtos de primeira necesidade para os afectados, un na Sede Cidade outro na Sede Campus. [+Info](#)

CONCURSOS

IV Edición concurso de vídeos «Móvetete polos ODS»

A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), deu a coñecer as persoas gañadoras do IV Concurso de vídeos «Móvetete polos ODS», co obxectivo de dar a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento sostible. Son os 3 vídeos que obtiveron un maior número de *likes*, ademais daquel premiado polo seu carácter innovador.

IV CONCURSO DE VÍDEOS
Móvetete polos ODS

Para estudantes da UDC, UVigo e USC
Prazo de presentación
Ata o 8 de outubro de 2024

Premios
- 1.º Premio: 550 €
- 2.º Premio: 350 €
- 3.º Premio: 200 €
- Á innovación: 400 €

Máis información
- UDC: ocv@udc.gal
- USC: sepiu.santiago@usc.gal
- UVigo: direc.equidade@uvigo.es

Bases da convocatoria
https://rede.uvigo.gal/servicios/electronico_bca/d/EXP2024/005896?_gl=1*1st2ftu*_ga*_MTA0OTIyNDYyNz04Nz11NDM4VTV0*_ga_PKZEC02Yw*_MTcyNjczODIwM40UB*_MTcyNjczODIwN44LAu/AA

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Universidade de Vigo

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

XUNTA DE GALICIA

COOPERACIÓN GALEGA

RGCUD

O primeiro premio levouno Rebeca Rodríguez Raposo con «Caza de Desechos» (917 *likes*), galardoado con 550€. O segundo foi para Vanessa Mesa Nascimento, Diego Otero Saavedra, José Francisco Paz Otero, Marcos Rama Núñez, que se levaron 350€ por «Nunca Más ODS 1» (734 *likes*). O terceiro levárono Tiffany Pereiro Salgueiro, que gañou 200€ por «Apaga la luz, enciende el futuro» (1.350 *likes*). O premio á innovación foi para Lope Gil García Tejero, que recibiu 400€ polo vídeo «Cierrálo hoy, ábrelo mañana». [+Info](#)

EVENTOS

Ciclo de cinema: a lingua galega no cinema


A Universidade de Vigo, co apoio da Deputación de Pontevedra e do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, presenta a segunda parte do ciclo A lingua galega no cinema. Este evento, que ofrece entrada de balde ata completar a capacidade, consolidouse como unha cita importante para os e as amantes do audiovisual e da cultura galega.



As proxeccións rematarán o 4 de decembro co documental *A muller romana na Gallaecia*, dirixido pola profesora da Universidade de Vigo María José Bravo Bosch, unha obra minuciosa e coidada das condicións de vida das mulleres á chegada dos romanos á Gallaecia, na que se inclúe a comarca do Bierzo, e a súa evolución posterior durante o imperio. Neste caso, a autora estará acompañada no coloquio pola vicerreitora de Extensión Universitaria Susana Reboreda, asesora científica do documental. [+Info](#)

XORNADAS SENSIBILIZACIÓN

Xornada sobre integración laboral das persoas con discapacidade



É unha xornada na que responsables da área de Emprego de Down Vigo, RODAVIGO SA, INSERTA-Fundación ONCE e Área de Emprego da Universidade de Vigo destacan como poden integrarse as persoas con discapacidade á contorna laboral. [+Info](#)

Xornada: Territorios ocupados

Tecendo redes para protexer as culturas e os ecosistemas no Sahara Occidental.



No cadro desta xornada proxéctase *Desert PHOSfate*, un filme de artista sobre o impacto do fosfato nas comunidades saharauís dende unha visión decolonial.

Xornadas: Dixitalización do sistema prostitucional: transformación e deslocalización

A Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense acolle o acto institucional da UVigo co gallo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, enmarcado na celebración das xornadas *Dixitalización do sistema prostitucional: transformación e deslocalización*. A actividade está organizada polo Grupo de investigación Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1) e a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo contando con financiamento da Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e a Xunta de Galicia. [+ Info](#)



FORMACIÓN

Curso Violencia de Xénero

A Facultade de Dereito do campus de Ourense e o Colexio da Avogacía de Ourense organiza, os días 21 e 28 de novembro o Curso Violencia de Xénero. Nel abordaranse temas



como a trata e explotación sexual; a violencia de xénero facilitada pola tecnoloxía; a valoración da proba preconstituída e os 20 anos de aplicación da L.O. 1/2004 de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. [+Info](#)

Grupo de crecemento persoal e apoderamento para mulleres

Con este obradoiro preténdese acompañar e apoiar o crecemento persoal e promover o apoderamento das mulleres utilizando o traballo en grupo para deconstruír os estereotipos cos que son heterodesignadas as mulleres nas sociedades patriarcais. [+Info](#)



Novas narrativas e cambio social: audiencias, valores e mensaxes para transformar o debate público



A ONGD Ecos do Sur pon en marcha esta proposta formativa, pensada especialmente para persoas vinculadas aos eidos da comunicación, o activismo, a educación ou a acción social.

Celebrarase en liña os días 10, 12 e 17 de decembro (17:00-18:30).

Está pensado para afrontar un problema que vai a máis: a dificultade de soste conversacións públicas de forma construtiva e de facilitar a participación avanzando cara un cambio social.

A inscrición é de balde e pódese formalizar a través dun formulario, ao que podes acceder dende aquí. [+Info](#)

Proxecto Camiños ó bo trato

A Asociación Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo asinou un convenio en colaboración coa Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para a formación en igualdade de xénero.

Esta formación darase a través de obradoiros presenciais e está dirixida, ademais de a centros educativos, a concellos e entidades da provincia de Pontevedra, que poderán solicitar que estes obradoiros se realicen nas súas propias sedes dende abril ata decembro. [+Info](#)



CONVOCATORIAS

Programa de bolsas-prácticas ONCE-CRUE, 2024/2025

Facilitar o desenvolvemento de prácticas para estudantes universitarios con discapacidade, que inclúa a realización de prácticas académicas externas remuneradas, facilitando o seu acceso a unha primeira experiencia laboral e mellorando así a súas oportunidades laborais e a súa carreira profesional.

[+Info](#)



VOLUNTARIADO

Plan de madriñas e padriños «Galego de tranquis»

Poñer en contacto ao estudiantado da UVigo que desexe comezar a falar ou mellorar o seu nivel en galego con persoas que xa o dominan. [+Info](#)

- Incrementar o uso cotián da lingua na mocidade universitaria.
- Promover as relacións sociais na mocidade universitaria tendo como eixo falar en galego.
- Visibilizar e ampliar o uso do galego no ámbito universitario.
- Crear contextos atractivos para que a mocidade fale en galego.
- Artellar grupos de estudantes para socializaren en galego.
- Romper a falar en galego con axuda e sen prexuizos.



O período de voluntariado comezou o 02 de maio e remata o 31 de decembro.

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA



Bicos de Papel, nace dun grupo de familias que pasaran ou estaban a pasar pola experiencia de ter un fillo con cancro, e que coñecían de primeira man os problemas aos que se enfrentaban tras o diagnóstico. Isto impúlsalles a crear Bicos de Papel e así promover melloras na atención e apoiar a outras familias.


Bicos de papel asociación de axuda ós nenos oncolóxicos de Hospital Álvaro Cunqueiro queda constituída como asocia-

ción sen ánimo de lucro o día 28 de xuño de 2017, e inscríbese no rexistro de asociacións da Comunidade autónoma de Galicia.

En 2019 a asociación foi incluída no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) e no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia. Actualmente está en trámites para ser recoñecida como organización de utilidade pública.

A pesar da súa recente creación, Bicos de Papel é unha entidade de referencia no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e no seu curta pero intensa traxectoria recibiu diversos recoñecementos que avalan o seu labor:·

- 2018: Premio Primeiro de Maio de CC.OO.
- 2019: Premio COGAVE, outorgado pola Confederación Galega de Asociacións veciñais Rosalía de Castro.
- 2019: Sardiña de ouro, concedida pola comisión de Festas da Guía.



Bicos de Papel son os bicos que durante tantos meses as familias e amigos intercambian cos "pelones" a través das máscaras que os acompañan durante toda a enfermidade.

[+Info](#)

NOVAS DO DUVI

A UVigo sitúase como universidade española líder en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e Oceanografía [+Info](#)

Un curso por diante para celebrar os 25 anos de estudos de Dirección e Xestión Pública na UVigo [+Info](#)

Alumnado de Down Vigo fórmase no campus nas aplicacións cotiás das matemáticas

[+Info](#) Educación e Traballo Social concéntrase en solidariedade coas vítimas da dana

[+Info](#)

Galicia e Arxentina asinan un acordo para que as súas universidades poidan impartir títulos compartidos [+Info](#)

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivenda [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)